

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN “BOLSAS SANTANDER AXUDA ECONÓMICA 2025 - PREMIOS Á EXCELENCIA ACADÉMICA” PARA O ESTUDANTADO QUE INICIA ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO NA UNIVERSIDADE DE VIGO, CURSO 2025/2026.

A Universidade de Vigo, comprometida coa cultura do aproveitamento académico e do esforzo, quere atender de xeito especial aos/ás estudantes que presentan unha traxectoria curricular de excelencia nos estudos de acceso á titulación de grao ou máster.

A Universidade de Vigo e o Banco Santander S.A. (no sucesivo “Santander”) teñen asinado un convenio co obxecto de facilitar no curso académico 2025/2026 o acceso á educación superior ao estudantado de grao e máster universitario.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023 de 22 de marzo do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/201 de 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva “Bolsas Santander / Axuda Económica 2025 – Premios á excelencia académica para estudantado que inician estudos de grao ou máster universitario no curso 2025/2026, que serán xestionados de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/201, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



CSV : GEN-20e2-272d-7f2f-c234-8719-ff7b-d8c0-418d

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/ptf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 28/08/2025 11:44 | NOTAS : F



ANEXO I

BASES QUE REGULAN OS PREMIOS Á EXCELENCIA ACADÉMICA PARA INICIO DE ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO NO CURSO 2025/2026

1. OBXECTO

Os premios para estudantado que inicia estudos de grao ou máster teñen por obxecto incentivar a cultura do mérito e a excelencia, a través do recoñecemento ao estudantado cos mellores resultados académicos nos estudos previos ao seu ingreso na titulación.

Categoría A: convócanse 105 premios destinados ao estudantado que inicia estudos de Grao.

Categoría B: convócanse 35 premios destinados ao estudantado que inicia estudos de Máster universitario.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

- a) Posuír nacionalidade española, nacionalidade comunitaria acreditando a residencia continuada, ou extracomunitaria acreditando a residencia legal en España no prazo de presentación de solicitudes (non é suficiente o permiso de estadía por estudos).
- b) No caso do estudantado que **inicia estudos de Grao**
 - i. Estar matriculado no curso 2025/2026 por primeira vez en estudos de Grao en centros propios da Universidade de Vigo ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións non impartidas en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro).
 - ii. Ter finalizado os estudos de bacharelato ou ciclo superior no curso 2024/2025.
 - iii. Obter unha nota media do expediente igual ou superior a **8 puntos** no Bacharelato ou no Ciclo Superior de formación profesional.
- c) No caso de estudantado que **inicia estudos de Máster universitario**
 - i. Estar matriculado no curso 2025/2026 por primeira vez en estudos de máster universitario en centros propios da Universidade de Vigo.
 - ii. Obter unha nota de acceso aos estudos de máster igual ou superior a **7 puntos** calculada según o RD 1125/2003.

Non poden ter a condición de beneficiarios/as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro*.

3. COMPATIBILIDADE

Os premios que se establecen nesta convocatoria son compatibles con calquera outro premio ou axuda.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a este premio irán con cargo á aplicación orzamentaria 2025 0000 121D 482.12, e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 140.000,00€ para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.



CSV : GEN-20e2-272d-7f2f-c234-8719-ff7b-d8c0-418d

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/ptf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 28/08/2025 11:44 | NOTAS : F



No caso de existir crédito dispoñible nas condicións establecidas no artigo 58.2 do Real 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, poderase ampliar o crédito da presente convocatoria. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, no seu caso, á previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito deberá ser publicada no Portal de bolsas da web da UVIGO e nos rexistros xerais da universidade con carácter previo á resolución de concesión, sen que tal publicación implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

2. A contía individual de cada premio será de **1.000 €**.

3. O pagamento do premio efectuarase mediante transferencia á conta bancaria en España indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular.

Esta contía está suxeita á retención de IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas solicitantes deberán encher o **formulario en liña** dispoñible na Secretaría Virtual da Universidade <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/bolsas/convocatorias/index> **Santander Axuda económica 2025 -excelencia inicio grao e máster** e inscribirse na web do Santander <https://app.santanderopenacademy.com/es/program/ayuda-economica-2025>

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os interesados neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*).

2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte a publicarse esta convocatoria e rematará **o 15 de outubro de 2025** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. O estudantado deberá subir ao formulario en liña a seguinte documentación, segundo corresponda:

a) no caso de estudantado que inicia estudos de Grao

- Certificación académica do Bacharelato ou Ciclo Superior, con nota media.
- No caso de estudos estranxeiros de bacharelato, declaración de equivalencia da nota media.

b) no caso de estudantado que inicia estudos de Máster

- certificación académica dos estudos que lle dan acceso de ser cursados nunha universidade distinta á de Vigo
- declaración de Equivalencia de Nota media de estudos cursados en universidades estranxeiras solicitada ao *Ministerio de Educación y Formación Profesional* a través do seguinte enlace:
https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias

c) O estudantado que non teña nacionalidade española

- documento do Rexistro de cidadán/á da Unión Europea.



CSV : GEN-20e2-272d-7f2f-c234-8719-ff7b-d8c0-418d

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 28/08/2025 11:44 | NOTAS : F



- tarxeta de identificación de estranxeiro/a na que conste o permiso de residencia (non é suficiente co permiso de estadía por estudos) de cidadán/a extracomunitario.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin presentarán o *formulario de alegacións* existente na secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

3. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

a) Para estudantes de inicio de grao os premios adxudicaránse de maior a menor nota media do Bacharelato ou Ciclo Superior. No caso de empate adxudicaráselle á persoa con maior nota de acceso á universidade e de persistir o empate coa maior nota de admisión á titulación.

b) Para estudantes de inicio máster os premios adxudicaránse de maior a menor nota de acceso.

Se resultan vacantes premios nalgunha das categorías serán adxudicados a outra categoría ata o esgotamento de crédito previsto.

Tendo en conta o obxecto da convocatoria, no caso de que o número de persoas admitidas sexa inferior ao de premios convocados e dado que non existe puntuación mínima para a selección, aplicárase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da *Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, polo que a Sección de Axudas e Bolsas poderá publicar a listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida sen necesidade de que interveña a comisión de selección.

A comisión de avaliación está composta por:

- Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade
- Secretaria: María Magdalena Domínguez Álvarez, xefa da Área de Bolsas
- Vogal: Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.



CSV : GEN-20e2-272d-7f2f-c234-8719-ff7b-d8c0-418d

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 28/08/2025 11:44 | NOTAS : F



4. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con premio concedido, denegado** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

5. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o *formulario de alegacións* existente na secretaría virtual.

6. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará os premios mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e a súa contía, as persoas con premio denegado e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

7. As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión do premio á seguinte persoa da listaxe de agarda.

8. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá estar matriculada durante todo o curso académico 2025/2026.



CSV : GEN-20e2-272d-7f2f-c234-8719-ff7b-d8c0-418d

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/ptf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 28/08/2025 11:44 | NOTAS : F



Ademais o/a beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexa de aplicación.

9. REINTEGRO DOS PREMIOS E PERDA DE DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda de dereito de cobro destes premios:

1. Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
2. A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede, xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



CSV : GEN-20e2-272d-7f2f-c234-8719-ff7b-d8c0-418d

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/ptf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 28/08/2025 11:44 | NOTAS : F

